

29/10/2020



CONCELLO DE AGOLADA
(PONTEVEDRA)

BASES

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS E AXUDAS ECONÓMICAS A ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO DO CONCELLO DE AGOLADA PARA O ANO 2020.

1.- OBXECTO

O Concello de Agolada aprobou en Xunta de Goberno Local do día 28/10/2020, a convocatoria e as bases que rexerán as axudas e subvencións para promover, fomentar e difundir aquelas actividades educativas, culturais ou artísticas concretas, deportivas e de ocio e tempo libre que organicen as persoas físicas ou xurídicas e que sexan de interese municipal.

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria.

2.- BENEFICIARIOS

Poderán solicitar estas axudas:

- a) Asociacións e entidades sen fins de lucro con domicilio social no municipio de Agolada e inscritas no rexistro municipal de asociacións.

3.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES, PRAZO E DOCUMENTACIÓN

As solicitudes formalizaranse no modelo de instancia que facilitará na oficina xerais do Concello, e presentaranse no rexistro xeral nun prazo de 15 días, a partir da convocatoria, que se publicará no tablón de anuncios da Casa Consistorial e na páxina web do Concello.

Xunto coa solicitude deberase presentar a seguinte documentación:

Fotocopia da tarxeta de identificación fiscal da entidade.

Fotocopia do D.N.I. do representante legal.

Declaración Xurada de non ter débedas coa Facenda Estatal, Autonómica ou Local así como coa Seguridade Social.

Memoria de actividades realizadas no ano 2020

Memoria detallada das actividades a realizar e orzamento estimado das mesmas.

Declaración na que conste si se solicitaron outras axudas ou subvencións para financiar ditas actividades.

Certificación da conta bancaria a nome da entidade peticionaria.



CONCELLO DE AGOLADA
(PONTEVEDRA)

4.- VALORACIÓN E CONCESIÓN

Para a adxudicación das axudas teranse en conta os seguintes criterios:

- 1.- Difusión da actividade
- 2.- Interese da actividade no ámbito municipal, valorando a participación nas actividades organizadas polo Concello .
- 3.- Número de beneficiarios, directos ou indirectos.
- 4.- Conservación dos valores educativos, culturais , deportivos, artísticos...

As propostas de concesión de axudas someteranse á xunta de goberno local a proposta do concelleiro delegado de cultura e deportes.

O órgano competente poderá resolver ó longo do exercicio orzamentario aquelas solicitudes que, por circunstancias novas ou por causas imprevisibles e excepcionais, non puidieran presentarse dentro dos prazos establecidos.

O Conxunto das axudas recibidas para a mesma actividade non poderá superar o 100% do custo da mesma.

5.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Unha vez valorada a memoria de actividades para o ano 2020 e aprobada a subvención para as mesmas, os beneficiarios deberán xustificar con facturas, recibos e documentos fidedignos os gastos realizados, así como a memoria da mesma antes do 31 de decembro do ano en curso.

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada polo perceptor.

O incumprimento das condicións establecidas dará lugar á revocación da subvención.

6.- PARA O NON DISPOSTO NESTAS BASES

contemplanse o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Agolada, 28/10/2020

O ALCALDE: Luis Calvo Miguélez
(Asinado Electronicamente)

